



## Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar  
32003 Ourense  
Tif. 988 385 203 Tif/Fax. 988 385 178  
CIF: G32244345

**ELVIRA LAMA FERNÁNDEZ**, deputada e voceira provincial do **GRUPO SOCIALISTA** da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN SOBRE ACCIÓNS COS CONCELLOS QUE SOFREN DESPOBOAMENTO EN MATERIA DE EMPREGO E VIVENDA**, en base á seguinte

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Deputación de Ourense ten como obriga legal axudar ós concellos máis pequenos a garantir uns servizos e unhas condicións de vida ós seus veciños, similares ó resto da poboación que reside noutros territorios. A provincia de Ourense ten como principal ameaza o fenómeno do despoboamento e envellecemento de amplas zonas do territorio, o que supón un freo importante ó seu desenvolvemento e as oportunidades para a xente que vive alí.

O presidente e grupo provincial do PP que goberna esta institución, nunca se ocupou deste obxectivo, xa que nunca formou parte da súa programación. A despoboamento nin sequera se inclúe especificamente no seu programa de goberno 15-19.

As iniciativas que trouxo ó pleno o grupo socialista, foron desconsideradas e contaron co rexeitamento do grupo popular. Así aconteceu cunha proposta de actuación ampla e detallada presentada no mes de novembro pasado, onde se demandaba un enfoque global co fin de por en marcha medidas de actuación dende os concellos e as comarcas coa implicación da Deputación, e buscando tamén o apoio da Xunta de Galicia, do Estado e das institucións europeas.

Neste mandato a actuación do presidente Baltar tivo outras prioridades e, no lugar de tratar de atallar este grave problema amplamente diagnosticado, segue acudindo a citas, congresos e foros para falar do mesmo como experto dunha realidade que debería ser o primeiro en tentar solucionar. Así, en lugar de dedicar os fondos que o Estado lle entrega para cumprir coa súa obriga legal (este exercicio será arredor de 76 millóns euros), utilízaos só para cumprir o seu propio plan persoal: ampliar o trato de favor ós fieis, promover propagandísticamente a súa figura, e facer relacións públicas.

Así, mentres a provincia de Ourense perdeu 122.000 habitantes dende que a goberna a dereita na Deputación, o presidente adícase a presumir de ser o primeiro en Twitter; en aparentar transparencia; e en adquirir presenza nos medios de comunicación. A provincia esmorece mentres o presidente da Deputación organiza misións comerciais que deberían fomentar a inversión e atraer proxectos para esta provincia e que realmente só serven para entaboar relacións cos personaxes dos Estados Unidos.

[www.psdegsoedepourense.es](http://www.psdegsoedepourense.es)  
[socialistaourense@gmail.com](mailto:socialistaourense@gmail.com)  
Facebook: PSdeGdeOurense  
Twitter: @PSdeGDepOU





## Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar  
32003 Ourense  
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178  
CIF: G32244345

No último ano, o presidente decatouse de que perdemos poboación a pasos axigantados, nunha provincia onde xa son máis os pensionistas que os cotizantes á Seguridade Social, e por ende, hai mais persoas perceptoras de pensións que traballadores en activo. Este dato contrastado reflicte que os máis novos seguen marchando polo mundo, na procura dun traballo que lles permita iniciar un proxecto de vida, lonxe da súa casa e da súa provincia. Dende 1990 a provincia de Ourense perdeu 62.000 habitantes, e no lugar de pórse a traballar para frear esta situación, o presidente vai polo mundo dando leccións que explican o “mal do despoboamento”, e mesmo querendo aparecer como o salvador dun problema que, sen ser exclusivo desta provincia, xa hai tempo que debería estar na axenda da Deputación.

As continuadas viaxes polo mundo, os relatorios, e a participación en diversos foros que tratan o despoboamento e o reto demográfico, non fan máis que insistir no diagnóstico dunha problemática que xa sabemos que padecemos. O drama que sofren os que viven aquí e non atopan traballo, tradúcese no abandono do territorio, e nunha migración continuada dos máis novos e preparados, que está a deixar pobos desertos (máis de 1.000 aldeas van quedar valeiras) e sen capacidade de reacción.

Mentres, gran parte dos orzamentos desta institución e os remanentes de crédito malgástanse nunha diversidade de accións que nada teñen que ver co principal reto que ten afrontar o conxunto da provincia de Ourense.

Cómpre utilizar todos os recursos dispoñibles, e outros que hai que captar, para actuar no noso territorio, co criterio de parar esta dinámica empobrecedora. Tamén é necesario por en marcha plans de actuación local en cada concello e en cada comarca onde este drama ameaza a súa supervivencia.

Cómpre actuar con Plans que xurdan de cada territorio e dos seus habitantes en base as súas potencialidades, e buscando o compromiso da Xunta de Galicia, do Estado e das institucións europeas. Pero tamén cómpre por en marcha actuacións con criterios de urxencia en aspectos clave como a creación de emprego; os servizos municipais imprescindibles ou as necesidades de vivenda ou comunicación, que poden ser impulsados dende as entidades locais coa sociedade civil.

[www.psdegpsoedepourense.es](http://www.psdegpsoedepourense.es)  
[socialistaourense@gmail.com](mailto:socialistaourense@gmail.com)

Facebook: PSdeGdeOurense

Twitter: @PSdeGDepOU





## Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar  
32003 Ourense  
Tif. 988 385 203 Tif/Fax. 988 385 178  
CIF: G32244345

Polo exposto, o Grupo Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO**:

### PRIMEIRO:

A Deputación Provincial de Ourense, en colaboración cos concellos afectados polo despoboamento e o envellecemento, impulsará durante 2019 a posta en marcha de programas de desenvolvemento e fomento de emprego co financiamento que se vaia acordando, con cargo ó remanente de crédito, en concreto nas seguintes materias:


- 1.-Un plan específico para a rehabilitación de vivendas desocupadas, coa finalidade de crear bolsas de alugueiro con opción a compra para familias novas que queiran residir neses núcleos.
- 2.-Un plan específico de fomento do emprego con medidas que favorezan a posta en funcionamento de iniciativas individuais ou de cooperativas e talleres.
- 3.-Unha liña de axudas específica para favorecer a instalación ou ampliación de novas actividades vinculadas ó territorio.

### SEGUNDO:

A Deputación xestionará que estes proxectos contén co suficiente apoio económico, esixindo achegas dos gobernos da Xunta de Galicia e do Estado, en función das obrigas de cada administración.

En Ourense, a 13 de marzo de 2018

Asinado: Elyira Lama Fernández



**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**

[www.psdegpsoedepourense.es](http://www.psdegpsoedepourense.es)  
[socialistaourense@gmail.com](mailto:socialistaourense@gmail.com)

Facebook: PSdeGdeOurense  
Twitter: @PSdeGDepOU